



12:32h



INFORMACIÓN PARA CENTROS EDUCATIVOS E FORMATIVOS

Programa de
Formación e Emprego

FEDERACIÓN ASPACE GALICIA

Recurso referente en Galicia para a **Parálise Cerebral e discapacidades afíns (PC)**.

Dispomos dunha rede de profesionais especializados, que interveñen para o desenvolvemento do colectivo.

A nosa actividade céntrase en **proporcionar asesoramento, orientación e recursos de apoio para a intervención Formativa e Laboral**, mediante o contacto directo con axentes do ámbito educativo, social e sanitario.

Todo isto coa finalidade de prestar servizos e soporte técnico a través de materiais creados e adaptados para as persoas con PC.

Traballamos día a día, *respondemos dúbidas e proporcionamos solucións técnicas, facilitando a colaboración da nosa rede de centros (AMENCER PONTEVEDRA, ASPACE CORUÑA, APAMP VIGO, ASPACE LUGO)*. Pretendemos chegar ao maior número posible de persoas, entidades e centros formativos presentes en toda a comunidade autónoma galega e con necesidades específicas para a intervención co colectivo de persoas usuarias con **Parálise Cerebral e outras discapacidades afíns (PC)**.

ASPACE Galicia

**POMOS
A VOSA
DISPOSICIÓN
A NOSA REDE:**



#IPI

Posibilidade de acompañamento para a realización dun **Itinerario Formativo e Laboral**, axeitado para as necesidades da persoa.

#TrainingFormativoLaboral

Colaboración na xestión de **prácticas formativas e pre-laborais** (valoración accesibilidade da empresa, adaptación de tarefas, préstamo de produtos de apoio, etc.).



#Mentoring

Profesionais especializados e con ampla experiencia en áreas que van dende a Orientación Vocacional ou Laboral, a Pedagogía Terapéutica, a Terapia Ocupacional e a Fisioterapia, ata a Logopedia ou o Traballo Social.



#EmpregoConApoio

Soporte técnico para o inicio da vida laboral e/ou adestramento dentro e fóra do posto de traballo.



#BancoRecursos

Acceso ao asesoramento e/ou asistencia de **produtos de apoio** para a autonomía persoal e a comunicación.



#Social

Posibilidade de implementar **iniciativas de Intervención Comunitaria e/ou accesibilidade** ("Rodando", "Discamino", "Somos, estamos y te lo contamos...") no contexto educativo.

ASPACE Galicia



PARÁLISE CEREBRAL (PC)

Definición: A parálise cerebral é unha discapacidade producida por unha lesión no cerebro que afecta á mobilidade e a postura da persoa, limitando a súa actividade. A parálise cerebral é a causa máis frecuente de discapacidade en nenos e nenas.



En Galicia

Unha de cada 500 persoas ten parálise cerebral.



DIVERSIDADE DENTRO DA DIVERSIDADE

Hai moitos tipos de PC e, dentro de cada unha, diferentes graos de afectación (diminución de mobilidade, control e forza ou a parálise absoluta dos membros afectados), mais, independentemente do tipo, todas as persoas afectadas teñen dereito á **autonomía persoal en todos os ámbitos da vida.**



Contacto

orientacion@aspacegalicia.org

986 879 967 / 665 735 600

www.aspacegalicia.org

